

UNIDADE DIDÁCTICA “ XOCOS CANTADOS E DANZAS ”

Licenzas por estudos 2009 – 10

Proxecto “ As actividades no medio natural na área de Educación Física: Elaboración de materiais curriculares e de materiais multimedia interactivos ” (2º Cuadrimestre)

TÍTULO: Bailamos e danzamos	BLOQUE: Coñecemento e desenvolvemento corporal	
CONTIDOS: Expresión e comunicación	CICLO: 2º	
<h3>OBXECTIVOS</h3> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Adaptar os movementos corporais a distintos ritmos. ➤ Distinguir ritmos e frases musicais e cancións populares sinxelas. ➤ Experimentar e recoñecer a riqueza expresiva de bailes e danzas infantís, tradicionais e actuais. ➤ Crear xunto cos compañeiros / as coreografías sinxelas a partire dunha canción. ➤ Participar de xeito positivo mantendo unha actitude responsable e establecendo relacións construtivas e equilibradas, respectando as normas e ós compañeiros / as. ➤ Potenciar o desenvolvemento das capacidades perceptivomotrices e de tipo sociomotriz. 		
<h3>CONTIDOS</h3>		
<p style="text-align: center;">CONCEPTUAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ O corpo como instrumento de expresión. ➤ Ritmo e movemento. ➤ Bailes e danzas infantís. ➤ Bailes e danzas populares e tradicionais. 	<p style="text-align: center;">PROCEDIMENTAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Exploración e utilización das posibilidades e recursos expresivos. ➤ Adecuación do movemento a ritmos e cancións diversas. ➤ Practicar diversas danzas infantís. ➤ Realizar coreografías inventadas de danzas sinxelas. ➤ Practicar algúns bailes populares e tradicionais. ➤ Realizar coreografías utilizando os pasos básicos destes bailes. 	<p style="text-align: center;">ACTITUDINAIS</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Valorar a creación propia e allea. ➤ Respectar e valorar o traballo conxunto. ➤ Interese na participación. ➤ Valorar as propias capacidades e as dos demais. ➤ Interese en mellorar as súas capacidades.

METODOLOXÍA

- Receptivo – significativa
- Reflexiva
- Investigativa

- Asignación de tarefas
- Descubrimiento guiado
- Creatividade

- Postas en común
- Debates

AVALIACIÓN

- Observación directa
- Preguntas orais

- Escalas de clasificación
- Escalas de verificación

- Rexistro anecdótico
- Escalas de valoración

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

- Discrimina pulsos, ritmos e frases musicais.
- Adecua os seus movementos a distintos ritmos e frases musicais.
- Coñece e coordina os pasos de bailes e danzas infantís, tradicionais e actuais.
- Crea xunto cos compañeiros / as coreografías sinxelas a partires dunha canción.
- Amosa interese en mellorar a súa competencia motriz.
- Participa activamente e de xeito positivo nos xogos e actividades.
- Coida o material e as instalacións.
- Amosa unha actitude responsable establecendo relacións construtivas e equilibradas, respectando as normas e ós compañeiros / as.

METODOLOXÍA E RECURSOS

- Para desenvolver esta unidade é preciso proporcionar información ós alumnos / as sobre os obxectivos que se pretenden, de xeito que saiban en todo momento o que hai que facer.
- Dado o carácter dos contidos, a unidade será levada a cabo con métodos de máxima participación do alumnado, aínda que, nalgúnhas ocasións recurramos a tarefas definidas claras co fin de garantir a comprensión de certos pasos e coreografías predeterminadas.
- Se pretende potenciar a creatividade, a busca e a expresividade, individual e colectiva, para dar unha continuidade á exploración dos movementos.
- As sesións se plantexarán mediante unha sucesión progresiva na presentación das actividades ou ben incluiremos algún xogo no inicio e remate doutras sesións.

MATERIAL

- Ximnasio
- Radiocasette, cintas de música, pandeiros, ...

XOQOS CON CANCIÓNS

Licenzas por estudos 2009 – 10

Proxecto “ As actividades no medio natural na área de Educación Física: Elaboración de materiais curriculares e de materiais multimedia interactivos ” (2º Cuadrimestre)

POLI LAVANTI	
Obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinación ➤ Memoria ➤ Desinhibición 	<u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé, en círculo. Posición normal <u>Cráterios:</u> Realizar movementos indicados pola letra, de xeito acumulativo e cun nexos de enlace (Tiquitichán) <u>Organización:</u> Un guía. Resto do grupo repite
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
Poli lavanti Domini prieto Tiquitichán, tiquitichán, tiquitichan – chan – chan (2 veces) <ol style="list-style-type: none"> 1. Pata quebrata 2. Outra pata quebrata 3. Pé de pingüini 4. Culi di fora 5. Testa en alto 6. Lingüi intri dintis 7. Mani colgandi 8. Orella en chan 	Brazos adiante Mans ó peito Movemento de cadeiras Dobrar un xeonllo Dobrar o outro xeonllo Dobrar nocello Nalgas para atrás Estirar o pescozo cara arriba Lingua entre os dentes Colgar a man Orella no chan

LARALALÁ	
Obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinación ➤ Coordinación xeral 	<u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé, en círculo. Posición normal <u>Cráterios:</u> Realizar movementos indicados pola letra, de xeito acumulativo <u>Organización:</u> Todos / as á vez
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
Laralalala la lara ... Lerelelele le lere ... Lirililili li liri ... Lorolololo lo loro ... Lurulululu lu luru ... Secuencia completa	Aplaudir Cruzando as mans Como facendo autostop Tocándose as orellas Unha man na barriga e outra na cabeza

TODO O MUNDO NESTA FESTA	
<p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Desinhibición 	<p><u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé, en círculo. Posición normal</p> <p><u>Criterios:</u> Realizar movementos indicados pola letra, de xeito acumulativo</p> <p><u>Organización:</u> Todos / as á vez</p>
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
<p>Todo o mundo nesta festa Tense que se divertir Todo aquilo que eu diga Tedelo que repetir A despeitear, a despeitear todos xa a despeitear (2 veces) Todo o mundo nesta festa Tense que se divertir Todo aquilo que eu diga Tedelo que repetir A beliscar, a beliscar todos xa a despeitear (2 veces)</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ “ A bicar ... ” ➤ “ A abrazar ... ” ➤ “ A berrar ... ” ➤ “ A empurrar ... ” ➤ “ A rascar ... ” ➤ “ A bailar ... ” ➤ “ A rodar ... ” ➤ “ A xirar ... ” ➤ “ A aplaudir ... ” ➤ “ A se tumbar ... ” ➤ “ A calar ... ” 	<p>En movemento entre o grupo. Pararse para dicir a frase en común e escoitar a nova premisa Repetir os movementos que indica a letra da canción</p> <p>Desprazándose, despeitear ós compañeiros</p> <p>Desprazándose, beliscar ós compañeiros</p> <p>Desprazándose, bicar ...</p> <p>A abrazar ...</p> <p>A berrar ...</p> <p>A empurrar ...</p> <p>A rascar ...</p> <p>A bailar ...</p> <p>A rodar ...</p> <p>A xirar ...</p> <p>A aplaudir ...</p> <p>A se deitar ...</p> <p>A calar ...</p>

MINUÉ	
<p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinación ➤ Desinhibición 	<p><u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé, en círculo, agarrados pola cintura do que está diante</p> <p><u>Criterios:</u> Desprazarse cara adiante marcando co pé o ritmo do tema. A primeira parte cara adiante e a segunda cara atrás</p> <p><u>Organización:</u> Todos / as á vez</p>
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
<p>Nun salón francés se baila o minué</p> <p>Nun salón francés se baila o minué</p>	<p>1ª vez – Agarrados pola cintura do de diante</p> <p>2ª vez – Agarrados pola cintura do de diante do de diante</p> <p>3ª vez – Agarrados pola cintura do de diante e sentados no que está detrás</p> <p>4ª vez – O mesmo pero cara atrás</p>

UN GALEGO NA MONTAÑA	
<p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinación ➤ Memoria 	<p><u>Posición Inicial:</u> En círculo, (de pé ou sentados / as)</p> <p><u>Criterios:</u> Realizar movementos indicados pola letra, de xeito acumulativo e cun nexo de enlace (ho ... la ... ri ...)</p> <p><u>Organización:</u> Un guía. Resto do grupo repite</p>
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
<p>Un galego na montaña marcha con emoción</p> <p>De repente un cuco interrompe a súa canción</p> <p>Ho ... la ... ri ...</p> <p>Hola ra liría hola lara cucú – cucú (4 veces)</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Cuco. Son: Cucú – cucú ➤ Esquiador. Son: Ssssh ➤ Avalancha. Son: Brommm ➤ Can. Són: Guau, guau ➤ Ambulancia. Son: Nino, nino ➤ Oso. Son: Grrr, grrr ➤ Dous amantes. Son: Muac, muac ➤ Secuencia completa 	<p>Golpear a ritmo nas coxas e facer palmadas coas mans</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Imitar un cuco abrindo e pechando mans ➤ Desprazamento do corpo imitando un slalom ➤ Protexémonos da neve. Mans á cabeza ➤ Imitamos a un can ➤ Movementos suaves dereita – esquerda ➤ Imitamos a un oso ➤ Abrazos a un mesmo

Licenzas por estudos 2009 – 10

Proxecto “ As actividades no medio natural na área de Educación Física: Elaboración de materiais curriculares e de materiais multimedia interactivos ” (2º Cuadrimestre)

ARANSANSÁN	
<p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinación ➤ Desinhibición 	<p><u>Posición Inicial:</u> En círculo, axeonllados</p> <p><u>Cráterios:</u> Realizar movementos acompañando o “ texto ”</p> <p><u>Organización:</u> Todos / as á vez</p>
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
<p>Aran san san aran san san Culi culi culi culi culi aran san san (2 veces) Arami arami Culi culi culi culi culi aran san san (repetimos todo cada vez máis rápido)</p>	<p>Palmas nos xeonllos ó ritmo (aran san) Palmas no peito (culi) e nos xeonllos (aran san san) Ablucións (2) Palmas no peito (culi) e nos xeonllos (aran san san)</p>

DEDINI	
<p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinación ➤ Relación social 	<p><u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé en círculo</p> <p><u>Cráterios:</u> As accións fanse por parellas</p> <p><u>Organización:</u> Todos / as xuntos</p>
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
<p>Non sei o que me pasa cando movo o dedini cando movo o dedini cando movo o dedini (2 veces) é que estou tolo por ti ¡ Hey !</p> <p>Buggy, buggy, buggy, buggy, buggy, ¡ Hey ! Buggy, buggy, buggy, buggy, buggy, ¡ Hey ! Buggy, buggy, buggy, buggy, buggy, ¡ Hey ! é que estou tolo por ti</p> <p>Outras accións:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Manini ➤ Peini ➤ Bracini ➤ Cabecini ➤ Corpini 	<p>Fanse as accións que se indican no texto Móvese o dedo</p> <p>Sínálase á parella</p>

IVANOV	
Obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinación ➤ Relación social 	<u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé, en círculo. Posición normal. <u>Criterios:</u> Saltar en cruz (adiante, centro, atrás, centro, dereita, centro, esquerda, centro). <u>Organización:</u> Cantamos e saltamos todos xuntos / as.
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
Ivanov O pequeno cosaco Bailaba na estepa Movendo o tacon	Comezamos soltos individualmente e duplicamos participantes ata facer o “ Ivanov ” todos / as collidos polos ombreiros

FLAU	
Obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Desinhibición ➤ Coordinación 	<u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé en círculo. Mans nas cadeiras do de diante <u>Criterios:</u> Avanzar e cerrar cada vez máis o círculo <u>Organización:</u> Texto común
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
Flau, flau, flau, flau, flau Tira dela chumbi chumbi chumbi Tira dela flauti flauti, flauti Tira dela flau tira dela flau tira dela flau flau, flau	Con cada “ flau ” un paso á fronte Con cada “ tira dela chumbi ” movemento de cadeiras Con cada “ tira dela flauti ” brazo en alto, tirando dun cordel imaxinario (flexión – extensión de brazo) En cada repetición vaise pechando o círculo cada vez máis ata chocar no centro provocando o sorriso.

TACÓN PUNTA	
Obxectivos: ➤ Coordinación grupal	<u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé. En parellas. Dúas filas <u>Criterios:</u> Desprazarse e xirar <u>Organización:</u> Todos / as xuntos
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
Tacón punta, tacón punta e para a dereita vai Tacón punta, tacón punta e para a esquerda vai Lalalá, lalalá la, lara lara la la (2 veces)	En filas. Danzamos por parellas. Posición agarrada Golpea ó ritmo da música alternativamente tacón e punta Os primeiros números indican os saltos e desprazamentos cara á dereita. Logo cara á esquerda Dous xiros ó ritmo da música apoiándose no brazo da parella (primeiro pola dereita e logo pola esquerda) Variante: Todos / as xuntos, agarrados polos ombreiros. O xiro faise de xeito colectivo cara á dereita e logo cara á esquerda ata volver á posición inicial

MAMÁ PATO	
Obxectivos: ➤ Desinhibición ➤ Coordinación grupal	<u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé en círculo. Collemos a man do seguinte por entre as súas pernas <u>Criterios:</u> Cada vez que se repite se cambia de animal <u>Organización:</u> Todos / as xuntos
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
Que ven mamá pato PACHÍN Que ven papá pato PACHÍN Que veñen os patíños PACHÍN, PACHÍN, PACHÍN Moito coidado co que facedes Aos meus patíños non pisedes	A canción pódese adaptar a diferentes animais, cambiando o son e a acción de avanzar Desprazámonos ó ritmo da canción Golpeamos no chan cos pés

TODOS OS GALEGOS	
Obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Desinhibición ➤ Relación social 	<u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé <u>Criterios:</u> Baile todos / as xuntos <u>Organización:</u> Todos / as xuntos
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
Todos os galegos teñen un “ deseo ” Que é bailar a rumba con moito meneo Meneo paquí, meneo palá Meneo pa diante e meneo pa atrás Ca testa Co cú Co pé ... Chichispoin, poin, poin Chichispoin, poin, poin Chichispoin, poin, poin	Movemento lateral de cadeira Desprazamento á dereita e á esquerda Desprazamento adiante e atrás Por parellas, xúntase a parte do corpo que se di e báilase o chichispoin, poin, poin

PLIS PLAS	
Obxectivos: <ul style="list-style-type: none"> ➤ Coordinación 	<u>Posición Inicial:</u> Todos / as sentados, en círculo <u>Criterios:</u> Facer os xestos todos / as xuntos <u>Organización:</u> Todos / as xuntos
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
Plis (repítese) Plas (repítese) Plis, plas (repítese) Pista (repítese) Cumbalala, cumbalala, cumbalala vista (repítese) Oh non non non oh non non non oh non non á vista (repítese) Isimili, isimili, cumbalala alami (repítese) Oh non non non oh non non non oh non non petite dausen (repítese)	Lévase o ritmo golpeando nos muslos e dando palmas

CURRO	
<p>Obxectivos:</p> <ul style="list-style-type: none"> ➤ Quecemento ➤ Control corporal 	<p><u>Posición Inicial:</u> Todos / as de pé en círculo. Posición normal</p> <p><u>Criterios:</u> Realizar movementos indicados pola letra, de xeito acumulativo, pero só se indica o último</p> <p><u>Organización:</u> Todos / as ao mesmo tempo</p>
LETRA	ACCIÓN MOTRIZ
<p>Hola Son curro E curro nunha fábrica O outro día o meu xefe me preguntou Oe Curro, estás a facer algo ? E eu lle dixen: pois non ! Pois dálle con esa manciña a esa caixiña (repetimos integrando elementos)</p> <p>Coa outra manciña a esa caixiña Cun pé ... Co outro pé ... Coa cabeza ...</p> <p>Final: Curro resposta ao xefe: Pois si !</p>	<p>Movemento de man</p> <p>Incorpórase a outra man Incorpórase un pé Incorpórase o outro pé Incorpórase a cabeza</p> <p>Baila todo o corpo</p>



Licenzas por estudos 2009 – 10

Proxecto “ As actividades no medio natural na área de Educación Física: Elaboración de materiais curriculares e de materiais multimedia interactivos ” (2º Cuadrimestre)